



Concello de Cangas

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
REALIZADA O DÍA 8 DE FEBREIRO DE 2016**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 8 de febreiro de 2016

HORA DE COMEZO: 12:35 h.

HORA DE REMATE: 13:20 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde), D. Mariano Abalo Costa, D<sup>a</sup> Mercedes Giráldez Santos, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D. Héitor Mera Herbello, D<sup>a</sup> Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTE: D. Andrés García Bastón

SUPLENTE: D<sup>a</sup> Tania Castro Paredes.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR  
REALIZADA O DÍA 25 DE XANEIRO DE 2016**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 25 de xaneiro de 2016.

**URBANISMO E PATRIMONIO**

**2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 4 DE FEBREIRO DE  
2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE  
OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

**2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**



## Concello de Cangas

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta



## Concello de Cangas

para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os danos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 24.443.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.361.- A L. V. C. e R. R., outórgase un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras abeiradas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 197.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXEDIENTE Nº 24.646.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.683.- A D. S. M., modifícaselle a referida licenza no sentido en que tamén se autoriza a construción de un cerramento de 94,50 metros, de conformidade coa documentación presentada en data 23 de decembro de 2015.

EXPEDIENTE Nº 25.746.- A Y. A. D., en representación de META ESPACIO FI SL e MYKADO MEDIA SL, para en Mendiña, nº 137-Aldán, en solo de núcleo rural, regulado pola Ordenanza 14, efectuar obras de reparación, consolidación, modernización e mellora enerxética de vivenda (referencia catastral BI0413700NG18D0001LS), nas seguintes superficies: 116,53 m<sup>2</sup>., de planta baixa; 129,78 m<sup>2</sup>., de primeiro andar; 89,58 m<sup>2</sup>., de aproveitamento baixo cuberta; 20,60 m<sup>2</sup>., de terrazas e 19,36 m<sup>2</sup>., de caseta, de conformidade co proxecto da arquitecta Alba Balmaseda Domínguez, de novembro de 2015 e a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de enderezo e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.



## Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 25.816.- A A. A. M. S., para en rúa Lirio, nº 15-Cangas, en solo urbano, regulado pola ordenanza do PEPRI, rehabilitar unha vivenda unifamiliar en 54,90 m<sup>2</sup>., de planta baixa, e ampliála en outros tantos de primeiro andar e a mesma superficie de aproveitamento baixo cuberta, de conformidade co proxecto básico do arquitecto Fernando Baliño Pizcueta, de decembro de 2015, a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de enderezo e estudo de seguridade e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Malia isto deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispón:

*"En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos da fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que harmonicen co da carpintería.*

*Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para alonxar persianas enrolables ou toldos.*

*As galerías ou miradoiros só poderán levar ó interior persianas venecianas ou enrolables de materiais moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración harmonizará co do entramado da galería ou miradoiro, debendo evitarse a gama de cores primarios."*

### 2.A.2 INFORMACIÓN URBANÍSTICA DOS SEGUINTEs EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 31/2015.- Con relación na solicitude de autorización previa para acondicionamento de parcelas para área de autocaravanas, promovido por José Manuel Gómez Queirós, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Informar favorablemente o expediente de autorización autonómica de J. M. G. Q., no senso de tramitar en solo rústico de protección forestal, autorización autonómica para acondicionamento de parcelas para área de autocaravanas (referencia catastral 36008A01500090000JM) sitas en Arneles-O Hío, de conformidade co proxecto do arquitecto Javier Rial Lemos, de agosto de 2.015, **o uso é autorizable pola Comunidade Autónoma en virtude do disposto nos artigos 33.2g e a DT 1 f) da LOUGA.**

SEGUNDO.- Remitir o expediente completo tramitado á Consellería competente en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo (secretario ou secretaria xeral competente en materia de Urbanismo), para que examine a adecuación



## Concello de Cangas

da solicitude citada anteriormente á Lei 9/2002, de 30 de decembro e aos instrumentos de ordenación do territorio e para que resolva no prazo de tres meses, unha vez sometido o expediente ó trámite de información pública contido no artigo 41 da LOUGA.

TERCEIRO.- Solicitar o preceptivo informe da Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, de conformidade co establecido no artigo 51.4 do Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba o POL.

EXPEDIENTE Nº 32/2015.- Con relación na solicitude de autorización previa para licenza para a construción de piscina, promovido por CACHOPIDO SL, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Informar favorablemente o expediente de autorización autonómica presentado por CACHOPIDO SL, no senso de tramitar en solo rústico de espazos naturais, autorización autonómica de licenza para construción de unha piscina no lugar de Donón, nº 16-O Hío (referencia catastral 36008A008000790000JZ), de conformidade co proxecto do arquitecto técnico Emilio Camaño Malvido, de novembro de 2015, **o uso é autorizable pola Comunidade Autónoma en virtude do disposto nos artigos 33 e 39 e a DT 1 f) da LOUGA.**

SEGUNDO.- Remitir o expediente completo tramitado á Consellería competente en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo (secretario ou secretaria xeral competente en materia de Urbanismo), para que examine a adecuación da solicitude citada anteriormente á Lei 9/2002, de 30 de decembro e aos instrumentos de ordenación do territorio e para que resolva no prazo de tres meses, unha vez sometido o expediente ó trámite de información pública contido no artigo 41 da LOUGA.

TERCEIRO.- Solicitar o preceptivo informe do POL, da Consellería competente en materia de conservación de espazos naturais sobre o cumprimento da lexislación sectorial, autonómica, estatal e da UE que resulten aplicables, así como do Servizo de Patrimonio ao emprazarse a obra solicitada na zona de afección do xacemento GA36008020.

EXPEDIENTE Nº 33/2015.- Con relación na solicitude de autorización previa para licenza para a construción de piscina, promovido por Cándida García Costas, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Informar favorablemente o expediente de autorización autonómica presentado por Cándida García Costas, no senso de tramitar en solo rústico de espazos naturais, autorización autonómica de licenza para construción de unha piscina no lugar de Donón, nº 42-O Hío (referencia catastral



## Concello de Cangas

36008A011011013550000JF), de conformidade co proxecto do arquitecto técnico José Ponce Yáñez de novembro de 2015, **o uso é autorizable pola Comunidade Autónoma en virtude do disposto nos artigos 33 e 39 e a DT 1 f) da LOUGA.**

SEGUNDO.- Remitir o expediente completo tramitado á Consellería competente en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo (secretario ou secretaria xeral competente en materia de Urbanismo), para que examine a adecuación da solicitude citada anteriormente á Lei 9/2002, de 30 de decembro e aos instrumentos de ordenación do territorio e para que resolva no prazo de tres meses, unha vez sometido o expediente ó trámite de información pública contido no artigo 41 da LOUGA.

TERCEIRO.- Solicitar o preceptivo informe do POL, da Consellería competente en materia de conservación de espazos naturais sobre o cumprimento da lexislación sectorial, autonómica, estatal e da UE que resulten aplicable, así como do Servizo de Patrimonio ao emprazarse a obra solicitada na zona de afección do xacemento GA3 6008 02 0.

### 2.A.3 ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 25.627.- O tramitado a instancia de FONPORT SL, para ampliación de semisoto en Florida, nº 26-Darbo, acórdase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, de 26 de novembro, ao transcorrer máis de tres meses desde o requirimento de presentación de documentación de data 27 de outubro de 2015.

### 2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.



## Concello de Cangas

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

**EXPEDIENTE Nº 25.831.- A GAS GALICIA SDG SA, para en rúa Eduardo Vicentisquina rúa Pablo Iglesias-Cangas, executar unha canalización de 1,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:**

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

\* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de TRESCENTOS EUROS (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:



## **Concello de Cangas**

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederáse por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 25.812.- A GAS GALICIA SDG SA, para en rúa María Soliña, nº 1-Cangas, executar unha canalización de 2,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

\* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de TRESCENTOS EUROS (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederáse por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.





## Concello de Cangas

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

### **3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES**

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

#### OBRAS

EXPEDIENTE Nº 25.729.- M. M. D., colocación de plaqueta sobre solado exterior no Gatañal, nº 18-San Roque.

EXPEDIENTE Nº 25.753.- B. B. C., acondicionamento local na Avda. de Galicia, nº 9-baixo-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.756.- P. M. G. M., portal, cerramento e pavimento en Santa Marta, nº 15-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.776.- A. B. M., reparación tellado en garaxe en Ourelo, nº 29-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.803.- Comunidade Propietarios Camiño Fonte Jafa-Aldán, reparacións en cuberta en Fonte Jafa, nº 1-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 25.804.- A. I. G., reforma cuarto de baño na Avda. de Bueu, nº 12-1º portal L-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.806.- S. P. B., cerramento frontal e lateral de parcela en Pereiriña, nº 4-O Espírito Santo-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.813.- J. M. F. F., cerramento en Vilariño-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 25.814.- A. V. P., cerramento en Costeira-A Devesa-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.824.- M. D. M. F., acondicionamento local nos Pinos, nº 7-B1-Coiro.

#### ACTIVIDADES



## Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 1737.- J. A. M., cambio titularidade cervexería-bocatería na Avda. Félix Ozámiz, nº 13-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1905.- R. G. V., cambio titularidade de pizzería-café/bar en rúa Antonio Garely, nº 21-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1788.- GALA CB, comercio venda de roupa na Avda. de Bueu, nº 15- Baixo-local 2.

### **4º.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA**

#### 4.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 25/2015-S

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 01.02.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 25/2015-S, que é como segue:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*EXPEDIENTE Nº 25/2015*

*Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Nerga-O Hío, consistentes en: realizar un cerramento de bloques e postes de formigón cunha altura de 1,90 metros e se instalou unha caravana con tenda de campaña.*

*Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 27 de outubro de 2015 a de considerar as obras e instalacións mencionadas como ilegalizables, por seren incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas, ordenanza de aplicación, solo non urbanizable de protección de espazos naturais.*

*Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, Marta Sio Costas, promotora.*

*Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 217.3 da mesma norma.*



## Concello de Cangas

*Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 220.l.b) da referida Lei 9/02, indicándolle á infractora que, se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación, reduciráselle esta nun 30%.*

*Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro, do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.d. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.d. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime local.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

**PRIMEIRO.-** *Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.*

**SEGUNDO.-** *Nomear instrutor e secretario do expediente a Mariano Abalo Costa e á secretaria do concello Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou seren recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.*

**TERCEIRO.-** *O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.d. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.*

**CUARTO.-** *Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.d. 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente, reducirase a contía da sanción nun 80%.*

**QUINTO.-** *Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.*



## Concello de Cangas

*SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.*

*SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instrutor e secretaria con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.d. 1398/93.*

*OITAVO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.*

*NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, en prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 25/2015-S.

### **FACENDA**

#### **5º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓN XUDICIAIS**

5.A) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á DILIXENCIA DE ORDENACIÓN DE DATA 21/01/2016 DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA NA EJD 13/2015-CC (DIMANANTE DO PO 475/2012) X-12/45

Dáse conta de proposta da Alcaldía relativa á dilixencia de ordenación de data 21/01/2016 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra na EJD 13/2015-CC, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA A DILIXENCIA DE ORDENACIÓN DE DATA 21/01/2016 DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA NA EJD 13/2015-CC (DIMANANTE DO PO 475/2012) X-12/45*



## Concello de Cangas

*Vista a dilixencia de ordenación de data 21/01/2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, recaída no Procedemento de Execución Definitiva EJD 13/2015-CC de títulos xudiciais 25/2015-c (dimanante do Procedemento Ordinario 75/2012) instruído a instancia PROMALAR SL, co seguinte contido literal:*

'Presentado o anterior escrito pola letrada M. B. S. F., actuando no seu nome e representación de PROMALAR SL, e vencido o prazo de decembro de 2015, para a aportación do informe mensual, acordo:

Unir, entregar copia e requirir persoalmente ao Sr. alcalde do Concello de Cangas, por medio de exhorto, co fin de que en no prazo de DOUS MESES cumpra integramente a Sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de data 30 de outubro de 2014, reintegrando o principal e os intereses legais...'

*Visto que a citada dilixencia de ordenación era susceptible de recurso de reposición, no prazo outorgado este foi interposto pola representación do Concello, sen prexuízo do cal procede adoptar as disposicións oportunas para acometer o reintegro fixado no fallo da Sentenza do TSX Galicia de data 30/10/2014.*

*Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:*

**Primeiro.-** *Tomar coñecemento da dilixencia de ordenación de data 21/01/2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra recaída no Procedemento de Execución Definitiva EJD 13/2015-CC de títulos xudiciais 25/2015-C (dimanante do Procedemento Ordinario 475/2012) instruído a instancia PROMALAR SL.*

**Segundo.-** *Devolver a PROMALAR SL os setecentos corenta e dous mil euros (742.000 €) de principal a cuxo reintegro obriga a sentenza do TSX Galicia obxecto de execución de data 30/10/2014, que fora ingresada en cumprimento do establecido no convenio urbanístico suscrito o 17 de decembro de 2004 entre PROMALAR SL e o Concello de Cangas.*

**Terceiro.-** *Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente á dilixencia de ordenación de data 21/01/2016 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra na EJD 13/2015-CC.



Concello de Cangas

## **6º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/CONSTITUCIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE PARA OS CONTRATOS E ACORDOS MARCO QUE REALICE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL COMO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN**

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 04.02.2016, referente a constitución de mesa de contratación permanente para os contratos e acordos marco que realice a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á CONSTITUCIÓN DUNHA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE*

*Visto o artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro (TRLCSP), segundo o cal os órganos de contratación das administracións públicas estarán asistidos por unha mesa de contratación nos procedementos abertos e restrinxidos e nos negociados con publicidade a que se refire o artigo 177.1, sendo potestativa a súa constitución nos procedementos negociados sen publicidade.*

*Vistos os artigos 21 e 22 do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, relativos á composición e funcións das mesas de contratación.*

*Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O:*

*Primeiro.- Constituír unha Mesa de Contratación Permanente que asistirá á Xunta de Goberno Local nos procedementos de adxudicación de todos os contratos da súa competencia, segundo as funcións que nesta materia lle foron delegadas mediante Decreto da Alcaldía de data 02.07.2015 (da que se deu conta ao Pleno na sesión ordinaria realizada o día 31.07.2015) e mediante acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria realizada o día 26.06.2015.*

***Segundo.-** Designar aos seguintes membros da Mesa de Contratación Permanente:*

<b>TITULARES</b>	
<i>Presidente</i>	<i>alcalde-presidente</i>
<i>Vogais</i>	<i>secretaria xeral municipal interventora Municipal concelleiro/concelleira responsable da área á que se refira o</i>



## Concello de Cangas

	<i>contrato de que se trate.</i>
<i>Secretario/secretaria</i>	<i>técnica de Administración xeral do departamento de Apoio Xurídico a Secretaría</i>
<b>SUPLENTES</b>	
<i>Presidente</i>	<i>tenente de alcalde que corresponda</i>
<i>Vogais</i>	<i>os suplentes da secretaria e interventora municipais serán os/as funcionarios/funcionarias aos/ás que corresponda a súa substitución accidental. concelleiro/concelleira responsable da área á que se refira o contrato de que se trate será substituído por outro concelleiro/concelleira do seu mesmo grupo político.</i>
<i>Secretario/secretaria</i>	<i>auxiliar administrativa do departamento de contratación e subvencións (Secretaría)</i>

*Para a válida constitución da Mesa deberán estar presentes a maioría absoluta dos seus membros e en todo caso, o presidente, o/a secretario/secretaria e os dous vogais que teñan atribuídas as funcións correspondentes ao asesoramento xurídico (secretaria xeral) e ao control económico-orzamentario do órgano de contratación (interventora municipal).*

*Todos os membros da Mesa terán voz e voto, excepto a secretaria que actuará con voz pero sen voto.*

*Cando así o requira a natureza do contrato a adxudicar, o presidente poderá decidir a incorporación á Mesa de cantos asesores crea convenientes en razón dos seus especiais coñecementos técnicos e poderán asistir ás reunións con voz pero sen voto, sen que teñan a consideración de vogais nin outra función mais que a de informar e asesorar en forma non vinculante aos compoñentes da Mesa.*

**Terceiro.-** *A Mesa de Contratación Permanente rexerase en canto ao seu funcionamento, polo presente acordo, polo Texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado por Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo Real decreto 817/2009, de 8 de maio, que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, polo establecido en materia de órganos colexiados no Capítulo II do Título II da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do Procedemento administrativo común e pola demais normativa que resulte de aplicación.*

**Cuarto.-** *Declarar derogado o anterior acordo de composición da mesa de contratación permanente que fora adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 15.07.2013 (publicado no BOP nº 151 o día 08.08.2013).*





## Concello de Cangas

**Quinto.-** *Notificar este acordo a todos os membros e publíquese no perfil do contratante do órgano de contratación, no Boletín Oficial da Provincia e no portal de transparencia”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a constitución de mesa de contratación permanente para os contratos e acordos marco que realice a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación.

### **7º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE DE ALTA DO PERFIL DO CONTRATANTE NA PLATAFORMA DE CONTRATACIÓN DO SECTOR PÚBLICO**

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 04.02.2016, referente a publicación do perfil de contratante na Plataforma de Contratación do Estado, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á PUBLICACIÓN DO PERFIL DE CONTRATANTE NA PLATAFORMA DE CONTRATACIÓN DO ESTADO*

*Visto o artigo 53 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSP) que regula o Perfil de Contratante e establece que:*

*'1. Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade nos casos esixidos por esta lei ou polas normas autonómicas de desenvolvemento ou nos que así se decida voluntariamente, os órganos de contratación difundirán, a través de internet, o seu perfil de contratante. A forma de acceso ao perfil de contratante deberá especificarse nas páxinas Web institucionais que manteñan os entes do sector público, na Plataforma de Contratación do Estado e nos pregos e anuncios de licitación.*

*2. O perfil de contratante poderá incluír calquera dato e informacións referentes á actividade contractual do órgano de contratación, tales como os anuncios de información previa contemplados no artigo 141, as licitacións abertas ou en curso e a documentación relativa a estas, as contratacións programadas, os contratos adxudicados, os procedementos anulados e calquera outra información útil de tipo xeral, como puntos de contacto e medios de comunicación que poidan utilizarse para relacionarse co órgano de contratación. En todo caso deberá publicarse no perfil de contratante a adxudicación dos contratos.*





## Concello de Cangas

3. O sistema informático que soporte o perfil de contratante deberá contar cun dispositivo que permita acreditar fehacientemente o momento de inicio da difusión pública da información que se inclúa no mesmo.

*Tendo en conta que o actual perfil de contratante do Concello de Cangas incumpre o establecido no apartado 3 do artigo transcrito e que á documentación publicada non se lle da a debida seguridade xurídica que a lexislación vixente esixe, faise necesario publicar o perfil de contratante deste Concello nunha plataforma axeitada que o permita.*

*Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O:*

***Primeiro.-*** Solicitar á alta do perfil de contratante da Xunta de Goberno Local como órgano de Concello de Cangas na Plataforma de Contratación do Estado de acordo coas instrucións establecidas na Orde EHA/1220/2008, do 3 de abril.

***Segundo.-*** Dar traslado deste acordo ó departamento de Apoio Xurídico co fin de que realice os trámites pertinentes."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a publicación do perfil de contratante na Plataforma de Contratación do Estado.

## **ENSINO E DEPORTE**

### **8º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, O CONCELLO DE CANGAS E O ALONDRAS CLUB DE FÚTBOL S/REMATE DA OBRA "NOVA BANCADA NO CAMPO DE FÚTBOL DO ALONDRAS CLUB DE FÚTBOL (CANGAS)"**

Dáse conta da sinatura de convenio asinado o día 01.02.16, entre a Deputación Provincial de Pontevedra, o Concello de Cangas e o Alondras Club de Fútbol, para o remate da obra "Nova Bancada no Campo de Fútbol do Alondras Club de Fútbol (Cangas)".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento da sinatura de convenio entre a Deputación Provincial de Pontevedra, o Concello de Cangas e o Alondras Club de Fútbol,



## Concello de Cangas

para o remate da obra "Nova Bancada no Campo de Fútbol do Alondras Club de Fútbol (Cangas)".

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do acordo de referencia á Fundación Deportiva Municipal e ao departamento de Intervención.

### **DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL**

#### **9º.- PROPOSTAS DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/AUTORIZACIÓNS DE POSTOS DE VENDA NO MERCADIÑO MUNICIPAL**

##### **9.A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL PARA A PRÓRROGA PARA O ANO 2016 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE**

Dáse conta de proposta da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a prórroga para o ano 2016 das licenzas municipais de venda ambulante, que é como segue:

*"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL PARA A PRÓRROGA PARA O ANO 2016 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE*

*1.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas aplicable ás renovacións de 2016 (BOP da provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013) prevé, no seu artigo 16, que as autorizacións terán unha vixencia de un ano natural, prorrogable de forma expresa por períodos de igual duración. O prazo para a presentación da documentación correspondente para a renovación irá desde o 1 de decembro ata o 30 de decembro de cada ano.*

*II.- Por parte do Concello con motivo da apertura do período de renovación cara ao ano 2016 os titulares de licenzas foron requiridos co fin de que, de ser do seu interese, no prazo indicado presentasen a solicitude de renovación para o ano 2016, con expresa advertencia de que de non presentar esta solicitude de renovación no prazo indicado entenderíase que renunciaban voluntariamente á renovación da autorización e polo tanto deberían deixar o posto libre por carecer de autorización para o exercicio da venda ambulante, sen prexuízo da liquidación das taxas polo período de ocupación efectiva do posto e da aplicación do réxime sancionador.*

*III.- As persoas que de seguido se relacionan presentaron no período citado as súas solicitudes de renovación se ben sendo observadas deficiencias foron requiridas ao abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de*



## Concello de Cangas

*novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común para que no prazo de dez días subsanasen os defectos detectados, advertíndolles que de non facelo teríaselles por desistidos do seu pedimento, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, o que implicará a perda do posto.*

*IV.- Dentro do prazo outorgado estas emendaron satisfactoriamente os defectos detectados, polo que, cómpre adoptar o presente acordo que declara a renovación para o ano 2016 das autorizacións das que eran titulares.*

*V.- O órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 15 do regulamento vixente.*

*Á vista do anteriormente exposto proponho á Xunta de Goberno Local adoptar o seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Estimar a solicitude de renovación de llicenza municipal de venda ambulante para o ano natural 2016, ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 08/04/2013) por cumprir os requisitos esixidos para a renovación a:*

*Ref: 4. M. E. P. B.*

*Ref: 11. F. J. B.*

*Ref: 13. M. L. G. G.*

*Ref: 40. M. E. G. P.*

*Ref: 45. R. J. S.*

*Ref: 55. S. T.*

*Ref: 58. M. C. A. F.*

*Ref: 59. E. H. D.*

*Ref: 62. Panadería Confitería Laura SL*

*Ref: 66. M. S. M.*

*Ref: 67. R. M. C. M.*

*Ref: 79. O. P. P.*

*Ref: 81. A.F. D.*

*Ref: 82. A. M. P. F.*

*Ref: 92. A. P. B.*

*Ref: 97. N. M.*

*Ref: 99. N. E. J.*

*Ref: 103. M. E. C. D.*

*Ref: 104. A. G. P.*

*Ref: 109. S. P. R.*

*Ref: 116. R. T. F.*

*Ref: 117. M. M. M. L.*

*Ref: 121. J. L. P. R.*

*Ref: 132. S. F. G.*

*Ref: 134. J. B. R.*



## Concello de Cangas

*Ref: 145. A. J. J.*

*Ref: 157. D. G. G.*

*Ref: 159. M. G. B.*

### *RENOVACIÓN CON CAMBIO TITULARIDADE*

*Ref: 87. N. A. D. – B. F.*

*Segundo.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Desenvolvemento Económico e Emprego Local."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, transcrita anteriormente, referente a prórroga para o ano 2016 das licenzas municipais de venda ambulante.

## **MEDIO AMBIENTE E TURISMO**

### **10º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE TURISMO S/APROBACIÓN DE BASES E CONVOCATORIA DE DÚAS BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NAS OFICINAS DE TURISMO DE CANGAS**

Dáse conta de proposta do día 27.01.2016 da concelleira de Turismo, referente a aprobación de bases e convocatoria de dúas bolsas para a realización de prácticas nas oficinas de Turismo de Cangas, que é como segue:

*"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE TURISMO, TANIA CASTRO PAREDES, S/APROBACIÓN DE BASES E CONVOCATORIA DE DÚAS BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NAS OFICINAS DE TURISMO DE CANGAS*

*O Concello de Cangas foi declarado de interese turístico galego por Resolución de 1 de xuño de 2001.*

*Sendo intención desta Concellería manter a calidade no servizo que se presta a todas as persoas que nos visitan cada ano e que nos fixeron merecedores de tal declaración, cómpre manter abertas ao público as oficinas de Turismo coas que conta o Concello nos períodos do ano en que máis afluencia de turistas se dá.*

*Este obxectivo, establecido anualmente polo Concello, da a oportunidade de completar con formación práctica a formación teórica previa adquirida por parte daquelas persoas que veñen de rematar os seus estudos en materia turística mellorando as súas posibilidades de inserción laboral futura.*



## Concello de Cangas

*En consideración ao anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

- 1.- Convocar, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de obxectividade e publicidade, dúas bolsas a persoas tituladas, graduadas ou diplomadas en turismo por unha duración total de cinco meses para a realización de labores de información turística nas oficinas de turismo do municipio de Cangas.*
- 2.- Aprobar as bases de selección das persoas beneficiarias das dúas bolsas ou becas convocadas que como anexo se achegan.*
- 3.- Que se sigan todos os trámites ata que se proceda o seu outorgamento."*

### ANEXO I

*"BASES QUE REXERÁN NA OFERTA DE DÚAS BOLSAS OU BECAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NAS OFICINAS DE TURISMO DE CANGAS DURANTE O ANO 2016*

*PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria*

*Estas bases teñen por obxecto convocar, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de obxectividade e publicidade, dúas bolsas para persoas tituladas, graduadas ou diplomadas en turismo por unha duración total de cinco meses para a adquisición de formación práctica mediante a realización de labores de información turística nas oficinas de turismo do municipio de Cangas tempo que se distribuirá en dous períodos coincidentes e os de maior actividade turística no Concello co fin de que as persoas seleccionadas contan cun aproveitamento axeitado de cara a súa formación.*

*A bolsa ascenderá a un total de 690 euros brutos mensuais cunha duración de 5 meses repartidos nos períodos de tempo que se indican:*

- Do xoves 17 ao domingo 27 de marzo de 2016.*
- Do venres 6 de maio ao domingo 25 de setembro de 2016.*

*O primeiro período estará supeditado á data de remate do proceso de selección de tal xeito que de rematar este con posterioridade a duración deste acrecentará o período posterior no xeito que se indique con antelación as persoas seleccionadas.*



## Concello de Cangas

*Cos aspirantes que superaron as probas polas puntuacións obtidas, sen resultar seleccionados, confeccionarase un listado para cubrir as baixas ou renuncias que se produzan entre as persoas que si o fosen, adxudicándose a axuda ao seguinte persoa en puntuación.*

### *SEGUNDA.- Requisitos*

*Para a realización das probas selectivas as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:*

- Ter a nacionalidade española ou ser membro dun país da Unión Europea.*
- Estar en posesión das seguintes titulacións: Técnico superior de información e comercialización turística; Técnico superior en guía información e asistencia turística; Técnico en empresas ou actividades turísticas; Licenciatura, grao ou Diplomatura en turismo.*
- Estas titulacións deben estar finalizadas nos 6 anos naturais inmediatamente anteriores ao remate do prazo de presentación das solicitudes desta convocatoria.*
- Non padecer enfermidade nin defecto que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ao posto de traballo.*
- Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas habituais das prazas que se convocan.*
- Non atoparse incurso nalgunha das prohibicións sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.*
- Non estar incurso en ningunha outra causa de incapacidade ou incompatibilidade determinada na lexislación vixente.*

*Os requisitos establecidos na norma anterior deberán cumprirse o último día do prazo de presentación de solicitudes. Será nula a selección dunha persoa que este incurso en causas de incapacidade específica coa normativa vixente.*

*TERCEIRA.- Solicitudes, prazo de presentación e documentación a achegar con elas*

*As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar **no modelo de instancia que se achega** dirixida ao Alcalde do Concello de Cangas, que deberá ser entregada no Rexistro Xeral, no prazo de*



## Concello de Cangas

*dez días naturais a contar dende o día seguinte ao da publicación das bases no Taboleiro de Anuncios, en horario de atención ao público.*

*As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas polo persoal de Correos antes de seren certificadas. **Caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do concello a persoa aspirante deberá dirixir por fax, ao 986 304850 unha copia da instancia con anterioridade ao remate do prazo na que figure a data de presentación** no rexistro correspondente, aos efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/as.*

*As instancias deberán ir acompañadas da seguinte documentación:*

- Fotocopia cotexada, por ámbalas dúas caras, do DNI.*
- Fotocopia cotexada do título ou do recibo do depósito do título.*
- Para a valoración da fase concurso as persoas aspirantes deberán entregar os documentos xustificativos que estimen oportunos (orixinais ou fotocopias cotexadas). O tribunal terá en conta a coherencia da documentación aportada cós méritos a valorar, considerándose preferentemente para estes efectos as **certificacións administrativas ou títulos oficiais**. Os méritos non xustificadas documentalmente ou insuficientemente xustificadas, non serán obxecto de valoración.*

***Toda a documentación aportada deberá presentarse debidamente cotexada.***

### *CUARTA.- Admisión*

*Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas provisionais, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.*

*As persoas excluídas disporán de **3 días naturais** a contar dende o seguinte ao da publicación do listado provisional para poder subsanar ou emendar, no seu caso o defecto que motivara a exclusión. No suposto de producirse reclamacións ditarase nova resolución estimándoa ou desestimándoa, o que se fará público, igualmente, no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.*

### *QUINTA.- Tribunal cualificador*





## Concello de Cangas

*O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia como mínimo de tres dos seus membros titulares ou suplentes.*

*Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida na praza convocada, e terán voz e voto.*

*Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran neles algunha circunstancia provista no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.*

*A composición efectiva do tribunal, así como a data e hora de realización dos exercicios, faranse públicos no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, integrando a resolución pola que se publique a lista provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os membros da comisión de selección.*

*O tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a presta-la súa colaboración nas súas especialidades técnicas.*

### *SEXTA.- Sistema de selección*

*O proceso selectivo constará de dúas fases, a de concurso e a de oposición.*

*FASE DE CONCURSO: Puntuación máxima 4 puntos.*

***Méritos académicos.-*** *Por ter asistido a cursos de formación e perfeccionamento impartidos en Centros Oficiais, Universidades, Colexios Oficiais ou Escolas de Administración Públicas relacionadas coas materias obxecto desta convocatoria. **Ata un máximo de 1,25 puntos.***

*a) Máster universitario, curso de posgrao universitario, curso de experto ou especialización universitaria ou equivalente específico en materia de turismo, e cunha duración mínima de 200 horas - 0,50 puntos.*

*b) DURACIÓN PUNTOS*

*10 ou máis créditos -100 ou máis horas 0,25 puntos.*





## Concello de Cangas

*De 6 a 9 créditos - De 60 a 99 horas 0,20 puntos.*

*De 3 a 5 créditos - De 30 a 59 horas 0,15 puntos.*

*De 1 a 2 créditos - De 10 a 29 horas 0,10 puntos.*

*9 ou menos horas 0,05 puntos.*

*No suposto de que non se acredite a duración dos cursos, estes serán valorados a razón de 0,05 puntos.*

*Só se valorarán os cursos impartidos por organismos oficiais ou debidamente homologados por estes (especialmente escolas ou institutos administrativos de formación do persoal ó servizo das administracións públicas e universidades). Neste senso non serán obxecto de valoración as certificacións expedidas por academias privadas se non se xustifica a homologación sinalada.*

**Idiomas.** - Polo dominio oral e escrito dunha lingua estranxeira, acreditada mediante título oficial, **ata un máximo de 2,50 puntos.**

*a) No caso de que os cursos de idiomas sexan valorados polo número de horas, aplicarase o baremo dos cursos sinalado anteriormente.*

*b) No caso de que os cursos de idiomas sexan dunha Escola Oficial o baremo será o seguinte:*

*Certificado A1 ou A2 do marco común europeo de referencia para as linguas: 0,25 puntos.*

*Certificado B1 ou B2 do marco común europeo de referencia para as linguas: 0,5 puntos.*

*Certificado C1 ou C2 do marco común europeo de referencia para as linguas: 1 punto.*

**Galego. Ata un máximo de 0,25 puntos** (no caso de ter varios cursos terase en conta só o de maior puntuación)

• *Validación do Certificado de Lingua Galega - nivel 3 (CELGA 3), ou a certificación do curso de Lingua Galega de Iniciación: 0,125 puntos.*

• *Certificado en Lingua Galega- nivel 4 (CELGA 4), ou a súa validación, ou a certificación do curso de Lingua Galega de Perfeccionamento: 0,25 puntos.*

**FASE DE OPOSICIÓN:** Obrigatorio e eliminatorio. Puntuación máxima **6** puntos.



## **Concello de Cangas**

*Será obrigatoria e eliminatoria. Consistirá na realización dun exame tipo test de 30 preguntas relacionadas co temario adxunto, a realizar no día, hora e lugar que se indique na resolución pola que se publique o listado provisional de admitidos e excluídos. Este exercicio terá unha duración máxima de 40 minutos, sendo necesaria unha puntuación mínima de 3 puntos para acadar a cualificación de APTO. Aqueles aspirantes que non acaden a cualificación esixida quedarán eliminados.*

### **TEMARIO**

- 1. Patrimonio histórico, cultural e etnográfico de Cangas.*
- 2. Principais testas e eventos do municipio.*
- 3. A Semana Santa e as Danzas Ancestrais*
- 4. As praias de Cangas.*
- 5. Os aloxamentos turísticos do municipio.*
- 6. Plans de calidade turística no Concello de Cangas*

*Todas as persoas que concorran á realización das probas, deberán ir provistos do seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir. En caso de non presentar ningún destes documentos, non se lle permitirá a realización das probas.*

*As persoas aspirantes serán chamadas para a realización das probas nun único chamamento, quedando excluídas do proceso as que non comparezan.*

**SÉTIMA.- Cualificación final.**

*A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas ñas fases de oposición e de concurso, sempre e cando a persoa superase a proba práctica.*

*No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis persoas aspirantes, este resolverase a favor daquela persoa que obtivese a maior puntuación na fase de oposición; de persisti-lo empate, dirimirase a favor da persoa que obtivese a maior puntuación no primeiro apartado da fase de concurso, de persistir o empate este se resolverá a favor da persoa con maior puntuación na valoración das preguntas reserva e de ser necesario, o empate resolveríase finalmente mediante unha proba adicional de coñecementos baseada no temario achegado entre as persoas empatadas.*

*O Tribunal Seleccionados fará pública, no Taboleiro de Anuncios do Concello a puntuación obtida polas persoas presentadas.*



## Concello de Cangas

*O Tribunal Cualificador non poderá en ningún caso, declarar máis persoas aprobadas que prazas convocadas, calquera proposta que contraveña este mandato será nula de pleno dereito.*

*A continuación, o Tribunal elevará a súa proposta á Alcaldía que ditará resolución asignando as bolsas as persoas que acaden a maior puntuación.*

*O resto das persoas aspirantes, que superando as probas non foran seleccionadas, integrarán un listado ordenado segundo as puntuacións obtidas, que será utilizado para cubrir as baixas ou renuncias que se produzan entre as persoas que si o fosen, adxudicándose a axuda ao seguinte persoa en puntuación.*

### *OITAVA.- Condicións xerais*

*Ademais do resto de condicións establecidas nas presentes bases establécense en particular as seguintes:*

- As persoas beneficiarías das bolsas comprométense a observar o horario de traballo e a disciplina que lles sinale a Concellería de Turismo cun límite de vinte e tres horas semanais.*
- O feito de aceptar e facer uso destas bolsas non xera ningunha relación laboral ou contractual co Concello de Cangas ou calquera outra administración pública.*
- O pagamento do importe da bolsa estará suxeita as retencións que procedan, de conformidade co previsto no R.d. 439/2007 do 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.*
- A efectos do seguimento e valoración do aproveitamento formativo das prácticas das persoas beneficiarías será designada polo Concello unha titora. Con este fin se fixará cando menos unha reunión coas persoas seleccionadas por cada un dos períodos nos que se distribúen as prácticas, nestas reunións se sinalarán as pautas a seguir nas prácticas ademais de facer o seguimento das experiencias formativas adquiridas e tratar de resolver as dúbidas que xurdan na aplicación á experiencia práctica dos coñecementos teóricos adquiridos.*
- Antes de que transcorran os últimos quince días do período de duración da bolsa, as persoas seleccionadas estarán obrigadas a presentar unha memoria sobre o conxunto dos traballos realizados, especificando os obxectivos conseguidos, a metodoloxía empregada e os principais resultados dos estudos practicados. Estas memorias serán presentados á persoa responsable da titoría que emitirá un informe final sobre as prácticas realizadas.*



## **Concello de Cangas**

*NOVENA.- Publicidade das bases e da convocatoria das mesmas.*

*As presentes bases estarán expostas ao público no TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO e na paxina web do concello ([www.cangas.gal](http://www.cangas.gal)) durante o prazo sinalado para a presentación de instancias.*

*O Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello será o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.*

*DÉCIMA.- Carácter das bases e incidencias.*

*As presentes bases desta convocatoria vinculan á administración local convocante, ao Tribunal cualificador e as persoas que participen no proceso.*

*O Tribunal de selección queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a súa aplicación durante o proceso selectivo, podendo adoptar os acordos necesarios na procura da boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.*

*UNDECIMA.- Disposición final.*

*As presentes bases e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/1992, de 26 de Novembro, no Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común polo disposto nas presentes bases.*

*Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme ó previsto na devandita Lei 30/1992, de 26 de novembro.*

## **A N E X O II**

### **MODELO DE INSTANCIA**

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO ILMO. CONCELLO DE CANGAS (PONTEVEDRA)**

*D. /Dna. con DNI ... , veciño/veciña de... , provincia de , con domicilio na rúa ....andar ...., letra e número de teléfono.....*

**EXPOÑO:**



## Concello de Cangas

*que quero participar no proceso selectivo de dúas bolsas ou becas para a realización de prácticas nas oficinas de turismo de Cangas durante o ano 2016.*

*que coñezo e cumpro cos requisitos esixidos na base segunda de dita convocatoria.*

*SOLICITO:*

*que se teña en conta a presente solicitude, para tomar parte na proba selectiva.*

*Cangas, ... de... de 2016*  
*Sinatura*

### *DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO Á PRESENTE SOLICITUDE*

*o Fotocopia cotexada do DNI.*  
*o Fotocopia cotexada da titulación esixida.*  
*o Documentación cotexada acreditativa dos méritos."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de Turismo, transcrita anteriormente, referente a aprobación de bases e convocatoria de dúas bolsas para a realización de prácticas nas oficinas de Turismo de Cangas.

## **MOBILIDADE E TRANSPORTE**

### **11º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE ACTA DE CESIÓN EN PROPIEDAD DUN EQUIPAMENTO DE EMERXENCIAS PROPIEDAD DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA A FAVOR DO CONCELLO DE CANGAS**

Dáse conta da sinatura de acta asinada o día 25.01.16, entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Cangas, para a cesión en propiedade a favor do Concello de Cangas de equipamento de emerxencias consistente en: un remolque de emerxencias nº de serie: 1000181.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sinatura de acta de cesión en propiedade por parte da Comunidade Autónoma de Galicia a favor do Concello de Cangas,



## Concello de Cangas

de equipamento de emerxencias consistente en: un remolque de emerxencias nº de serie: 1000181.

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do acordo de referencia ao Servizo de Protección Civil e aos departamentos de Intervención e Oficina Técnica Municipal.

### **URXENCIAS**

#### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

#### **A) SOLICITUDE DE UNIÓN DE CONSUMIDORES DE GALICIA S/OCUPACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO PARA INFORMACIÓN AOS CIDADÁNS**

Visto o escrito presentado o día 01.02.2016 por M. L. C., secretaria xeral da organización UNIÓN DE CONSUMIDORES DE GALICIA, no que solicita a cesión dun espazo físico nas dependencias do Concello para poñer en marcha un servizo de asesoramento, formación e información aos cidadáns do Morrazo que o necesiten.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

Primeiro.- Aprobar a solicitude do Sr. López Crespo, de cesión de espazo físico no edificio do Concello de Cangas para realizar, por parte da organización UNIÓN DE CONSUMIDORES DE GALICIA, un servizo de asesoramento, formación e información ás persoas consumidoras do Morrazo.

Segundo.- Dar traslado á concellería de Participación Veciñal, Transparencia e Asociacionismo, para a designación mais idónea do espazo solicitado por UNIÓN DE CONSUMIDORES DE GALICIA.

#### **B) MODIFICACIÓN DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 21.01.2016 S/CONCESIÓN DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL**

De conformidade con factura nº 260012 da empresa MARODRI, SL, presentada o día 01.02.2016, en concepto de servizos realizados ao Concello de Cangas en



## Concello de Cangas

vivenda do Hío, e que ascende a un importe total de dous mil cincocentos trinta e oito euros con noventa e sete céntimos (2.538,97 €) co IVE engadido.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda rectificar o acordo adoptado no punto 6.A) da Xunta de Goberno Local realizada o día 25.01.2016, polo que onde dicía:

*"\* Concesión de axuda económica de dous mil noventa e oito euros con trinta e dous céntimos (2 098,32 €) a M. A. G. P."*

### **Debe dicir:**

**"\* Concesión de axuda económica de dous mil cincocentos trinta e oito euros con noventa e sete céntimos (2.538,97 €) a M. A. G. P."**

## **C) INFORMES DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓNS**

### C.1) SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN DE PRAZAS DE MOBILIDADE REDUCIDA

#### C.1.1) SOLICITUDE DE JOSEFA NÚÑEZ FERNÁNDEZ

Vista a solicitude presentada o día 15.01.2016 por J. N. F. na que demanda a sinalización de praza de estacionamento de minusválidos na zona do final da rúa Saralegui (na baixada ao lado dereito do quiosco).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade co informe emitido pola Policía Local o día 28.01.2016, acorda aprobar o solicitado pola Sra. N. F. e polo tanto que, polos servizos municipais correspondentes, se proceda a realizar a sinalización de prazas de mobilidade reducida na zona indicada da Avda. Montero Ríos (na baixada da rúa Saralegui ao lado dereito do quiosco).

#### C.1.2) SOLICITUDE DE J. P. C.

Vista a solicitude presentada o día 20.11.2015 por J. P. C. na que demanda a sinalización de prazas de estacionamento de minusválidos nas inmediacións do CEIP de Nazaret en Cangas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade co informe emitido pola Policía Local o día 28.01.2016, acorda aprobar o solicitado pola Sra. P. C. e polo tanto que, polos servizos municipais



## **Concello de Cangas**

correspondentes, se proceda a realizar a sinalización de prazas de mobilidade reducida nas inmediacións do CEIP de Nazaret en Cangas.

### **C.2) SOLICITUDE DE CARGA E DESCARGA EN RÚA FERROL**

Examinada a solicitude presentada o día 29.12.2015 por S. O. H., en representación de SHAMBALA CB, na que demanda a sinalización de zona de carga e descarga na entrada do seu establecemento sito en rúa Ferrol, nº 1- Cangas.

De conformidade co informe emitido o día 28.01.2016 pola Policía Local, no que se indica que a sinalización de carga e descarga se debe realizar na confluencia da rúa Baiona coa rúa Ferrol.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015 e de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda aprobar o solicitado pola Sra. O. H. e polo tanto, polos servizos municipais correspondentes, se proceda a realizar a sinalización de carga e descarga na confluencia da rúa Baiona coa rúa Ferrol.

### **ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace  
o presidente